



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, III: Portugués-Español

Materia	Tradución idioma 2, III: Portugués-Español			
Código	V01G230V01616			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Coordinador/a Hermida Ruibal, Ana			
Profesorado	Hermida Ruibal, Ana Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Correo-e	ahr@uvigo.es			
Web	http://paratraduccion.com/limiares/ana-hermida-ruibal/			
Descrición	Perfeccionamento da práctica da tradución na correspondente combinación lingüística xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C12	Posuír unha ampla cultura
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
D4	Resolución de problemas
D12	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Analizar os textos da lingua de partida tendo en conta as súas especificades lingüísticas e culturais e a súa tipoloxía.	A2	D12 D15 C25 C26

Profundar nas particularidades da actividade profesional na combinación lingüística.	A3 A5	C12 C24 C33	D4
Adquirir hábitos de uso no relativo ás ferramentas de tradución e ás fontes de documentación.	A4	C3	D1 D3

Contidos

Tema	
1. Introducción á tradución audiovisual (TAV)	1.1. Definición de TAV 1.2. Características diferenciais da TAV 1.3. Tipoloxía do texto audiovisual 1.4. Modalidades básicas de TAV: dobraxe, subtitulación, localización, multimedia...
2. A dobraxe	2.1. Historia 2.2. Etapas no proceso de dobraxe 2.3. Convencións de dobraxe 2.4. Problemas principais de tradución (xerais e específicos de TAV) 2.5. Fases do axuste
3. Fontes de consulta para a tradución portugués-castelán	3.1. Fontes de documentación en formato papel, electrónicas, en rede e textos paralelos
4. A profesión de tradutor(a) en Galicia/España e nos países lusófonos	4.1. Breve panorama do mercado 4.2. Como iniciarse na profesión 4.3. As fases dun proxecto de tradución: como orzamentar, facturar, a negociación das tarifas, CalPro. 4.4. A formación do tradutor 4.5. Recursos en Internet para tradutores: asociacións de tradutores, roldas de correo, revistas de tradución en liña, etc. 4.6. Nocións sobre TAO
5. A tradución de textos	5.1. Prácticas de tradución, a tradución de referencias culturais, control de calidade

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	12	15
Estudo de casos	15	30	45
Resolución de problemas de forma autónoma	15	29	44
Traballo	13	27	40
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación da programación docente e avaliación desta materia
Estudo de casos	Presentación e análise de casos/situacións máis habituais na práctica profesional.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución en grupo ou individualmente de diversas actividades

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	O profesorado estará á disposición do alumnado nas clases e en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir respecto dos contidos da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Tradución PT-ES (25 % da nota). O profesorado estará á disposición do alumnado nas clases e en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir respecto dos contidos da materia.
Probas	Descrición
Traballo	Traballo sobre un libro cuxos detalles se explicarán na clase (25 % da nota).
Exame de preguntas obxectivas	Proba dos contidos teóricos (10% da nota): décima semana de clase, previa consulta co alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba de tradución audiovisual PT-ES (40 % da nota): última semana de clase, previa consulta co alumnado

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización dun encargo de tradución que reproduce as características do labor profesional.	25	A2 A3 A4 A5	C1 C3 C4 C12 C24 C25 C26 C33	D1 D3 D4 D12 D15
Traballo	Consistirá na lectura dunha obra que indicará o profesorado ao comezo da materia e na elaboración dun comentario sobre determinados aspectos que se indicarán na clase.	25	A2 A3 A4 A5	C1 C4 C12 C24 C25	D1 D4 D15
Exame de preguntas obxectivas	Proba dos contidos teóricos (10 % da nota): décima semana de clase, previa consulta co alumnado.	10	A2 A3 A4	C1 C3 C4 C12 C24 C25 C33	D3 D4 D15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba de tradución audiovisual PT-ES: última semana de clase, previa consulta co alumnado.	40	A2 A3 A5	C1 C3 C4 C12 C24 C25 C26 C33	D1 D4 D15

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Avaliación continua:

O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa elección de acollerse ou non á avaliación continua. En caso de aprobar todas as probas con nota igual ou superior a 5/10, considerarase que o alumnado aprobou a avaliación continua. Non se fai nota media. De non aprobar a avaliación continua, deberá avaliarse de todo o temario na convocatoria de xullo.

Avaliación do profesor Xoán Montero Domínguez

- Proba dos contidos teóricos (10 % da nota): décima semana de clase, previa consulta co alumnado;
- Proba de tradución audiovisual PT-ES (40 % da nota): última semana de clase, previa consulta co alumnado.

Avaliación da profesora Ana Hermida Ruibal

- Traballo sobre un libro en portugués (25 % da nota)
- Tradución PT-ES (25 % da nota)

2. Avaliación única:

Avaliación do profesor Xoán Montero Domínguez

O alumnado que non siga a avaliación continua deberá realizar un exame a finais do cuadrimestre (avaliación única) sobre todos os contidos da materia especificados no apartado CONTIDOS da guía docente, así como das lecturas obrigatorias.

O exame da convocatoria de maio (avaliación única) e de xullo consistirá na realización dunha tradución do portugués ao castelán dun texto audiovisual (que contará o 40 % da nota), así como do control das lecturas obrigatorias (que contará o 10 % da nota). As faltas de ortografía penalizaranse con 1 punto/erro.

A proba de avaliación única terá lugar na data oficial marcada polo decanato.

O alumnado que suspenda a convocatoria de maio terá que avaliarse de todos os contidos da materia en xullo.

Penalizarase a copia ou plaxio.

Avaliación da profesora Ana Hermida Ruibal

Existen dúas modalidades de avaliación. Na avaliación continua o estudiantado dispón da posibilidade de ir superando a materia por medio da avaliación de traballos e encargos realizados ao longo do curso. No caso de non entregar nas datas indicadas algún dos encargos correspondentes, a nota dese traballo será 0. É obrigatorio entregar en Moovi todos os traballos que se foren corrixindo na clase, mesmo que non contén directamente para nota.

Na segunda modalidade de avaliación (única), o estudiantado dispón da posibilidade de dar conta da materia por medio dunha proba (25 % da nota) e da elaboración dun traballo da obra que se indicou ao comezo da materia (25 %). A proba que se realizará na convocatoria de xuño-xullo consistirá nunha tarefa de tradución (25 % da nota) que se desenvolverá na data indicada no calendario de exames da FFT e a entrega do traballo do libro indicado (25 %) no mesmo prazo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Rio de Janeiro, Editora Objetiva, Asetrad, **CalPro**,

Bibliografía Complementaria

Academia das Ciências de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Lisboa, Editorial Verbo, Fernando Ferreira Alves, **Quase tudo o que eu (sempre) quis saber sobre tradução: kit de sobrevivência**, 2006 Asetrad, **La Linterna del Traductor**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Portugués-Galego/V01G230V01945

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego/V01G230V01415

Outros comentarios

- A copia ou o plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudiantado da súa responsabilidade neste aspecto.
- Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas, senón tamén a súa corrección lingüística.
- É responsabilidade do estudiantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.